cg
CONCELLOS GALEGOS
número 19
abril 2015
segunda época
Publicación trimestral da Federación Galega de Municipios e Provincias

Análise

A Lei de Transparencia do Goberno chega ás entidades locais

Acordo Fegamp-Correos
Os concellos galegos aforrarán 2,1 millóns de euros en 2015

Informe
Indicadores e xestión municipal: un ecosistema complexo

Orzamentos Fegamp
A Federación reduce os seus presupostos para 2015 nun 6,45%

Xestión de residuos municipais
Revisión normativa das competencias das administración locais

Fondo Galego | Actualidade | Axudas e subvencións...

Nómina multiEstrella

[Ti] es a Estrela

Ao lado das familias

En "la Caixa" queremos facerche a vida máis doada. Por iso, coa túa nómina, poderás beneficiarte de condicións financeiras exclusivas, como a **Conta Nómina multiEstrella sen comisións**[1], descontos para o día a día e ofertas para tempo libre para toda a familia.

Consulta todas as vantaxes descargando a ***app* de multiEstrella** ou en www.laCaixa.es/multiEstrella

1. A Conta Nómina multiEstrella ten unha tarifa de 0 €/mes sempre que se cumpran os requisitos de bonificación. No caso contrario, cobraranse 6 € o mes que o cliente incumpra as condicións. Será gratuíta sempre que o cliente pertenza ao programa Nómina multiEstrella e utilice exclusivamente as canles electrónicas para as operativas seguintes: pagamento de recibos e impostos, reintegros de efectivo, traspasos e transferencias, solicitude de talonario e consultas de posición, saldo ou extracto. Consulta todas as condicións en www.laCaixa.es/multiEstrella. NRI: 942-2014/09681

@multiestrella

www.facebook.com/multiEstrella

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Carta do presidente

Era un reto e unha oportunidade. Agora, é unha necesidade, unha obriga. Os cidadáns piden máis transparencia aos representantes políticos que elixiron, e ás administracións nas que desenvolven o seu labor.

Quizais esa esixencia sexa aínda maior nas entidades locais, ao seren as máis cercanas ao cidadán; porque o alcalde e os concelleiros son veciños, as empresas adxudicatarias están ao carón da nosa casa, e os servizos que prestan, 'tocan' directamente aos nosos fillos, aos nosos pais e abós.

É imprescindible e urxente recuperar a confianza dos cidadáns nos políticos e na Política, previr a corrupción, e avanzar cara a excelencia na xestión dos recursos públicos.

A Fegamp respostou a esa demanda aprobando o 'Plan de Transparencia e Bo Goberno para Entidades Locais', adiantándose á Lei de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno (a Lei 19/2013 do Goberno central), que entrará en vigor para as comunidades autónomas e para os municipios o próximo 10 de decembro.

É ese un instrumento deseñado para facilitar o cumprimento da legalidade aos concellos que aproben a súa Ordenanza-tipo, pero que ao mesmo tempo vai máis aló co seu Código Ético, á percura da exemplaridade, a conducta axeitada e a honradez, tamén esixibles tanto aos cargos electos, como ao resto de persoal das administracións locais.

Convido aos concellos a alonxar este Plan de Transparencia da Fegamp da lóxica confrontación partidaria –xa que nos estamos a referir a unha problemática común a todas as formacións políticas– e a darlle o seu visto e prace (Ordenanza) ou adherirse (Código Ético) cun apoio unánime ou, como mínimo, cun amplo consenso.

A lexislatura que nacerá dos comicios municipais do inminente 24 de maio será, polo tanto, a da transparencia, máis sen dúbida tamén a das unións entre concellos para a prestación conxunta de servizos.

É simplemente de sentido común que esa ecuación despexa as incógnitas de a onde van parar os nosos impostos e de que xeito se distribúen. Optimización dos recursos, maior eficiencia, e aforro, para animar a incipiente recuperación.

De novo aquí a Fegamp aplícase o conto. Por exemplo, co seu recente acordo con Correos, que suporá unha rebaixa superior aos dous millóns de euros nos gastos dos concellos galegos en envíos postais neste ano 2015. Máis de 400.000 euros de aforro por riba do do ano pasado, malia o aumento de tarifas aprobado por Correos para este exercicio.

Máis e mellores prestacións para o municipalismo galego desde a súa Federación, que ven de aprobar os seus Orzamentos para este ano cunha rebaixa do 6,45 por cento, pero que ao mesmo tempo conxela por quinto ano consecutivo o canon que pagan as entidades locais asociadas. Velaí unha mostra de que non sempre hai que dispoñer de máis para facer máis.

Encaremos o futuro con positividade, como a ledicia que nos produce contar cunha nova cara na rede de redes. A nosa nova páxina web é un arma moderna, áxil e práctica para facer máis doado o labor diario aos traballadores dos concellos, mancomunidades e deputacións provinciais, e profesionais dos medios de comunicación; pero nomeadamente, para achegar a Administración local aos cidadáns.

José Manuel Rey Varela
Presidente da Fegamp
Alcalde de Ferrol

CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

abril 2015
número **19**
segunda época

Coordinación e redacción
Pablo Acción

Colaboración
José Manuel Chapela
Director Xeral da Fegamp
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp
Delfa Losa
Avogada e asesora legal da Fegamp
Alberto León
Técnico da Fegamp
Alicia González
Técnico da Fegamp
Carmen Novas
Responsable de Comunicación do Fondo Galego
Raúl Fernández
Técnico da Fegamp
Maite Barallobre
Técnico da Fegamp
Lucía González
Técnico da Fegamp

Fotografía
Miguel Muñiz
EFE
Presidencia do Goberno

Información de publicidade
Dpto. publicidade
Tel.: 981 062 476

Deseño e maquetación
Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Edita
Federación Galega de Municipios e Provincias
(Gabinete de Comunicación)
Rúa Varsovia-Área Central, 4C,
6º andar / 15707 Fontiñas,
Santiago de Compostela

Tel: 981 555 990
Fax: 981 565 203
comunicacion@fegamp.gal
www.fegamp.gal

Depósito Legal: C-2775-05
ISSN: 1885-5482

sumario

03*
Carta do presidente
José Manuel Rey Varela aposta na súa carta deste número de Concellos Galegos pola adhesión ao Plan de Transparencia e 'Bo Goberno para Entidades Locais'.

06* análise
A Lei de Transparencia do Goberno chega ás entidades locais
Análise polo miúdo da Lei de Transparencia estatal, asentada sobre tres piares básicos: a transparencia da actividade pública, o acceso dos cidadáns á información pública e o bo goberno.

10* actualidade
A Fegamp reduce os seus Orzamentos para 2015 nun 6,45%
O Consello Federal da Federación aprobou por unanimidade os presupostos da institución para este ano, cunha redución do 6,45% respecto aos de 2014, que converten a estes orzamentos nos máis austeros dos últimos 11 anos.

11* informe
Indicadores e xestión municipal: un ecosistema complexo
Informe que ofrece unha visión do municipalismo galego dende diferentes perspectivas grazas á combinación de distintos indicadores. Nel ben se poden extraer ameazas e debilidades a minimizar, pero tamén oportunidades e fortalezas a aproveitar para acadar unha maior eficiencia na xestión municipal.

Concello de Cangas

16* actualidade

Ticket Eléctrico Social de Galicia: luz ao final do túnel

Tódalas claves das axudas articuladas pola Consellería de Economía e Industria, a través do INEGA, para as familias con fillos menores a cargo que non teñan posibilidades económicas para o pagamento da factura eléctrica.

18* actualidade

Primeiros pasos dos 'Concellos con Intereses Turísticos'

A sección da Fegamp 'Concellos con Intereses Turísticos' quedou finalmente constituída en marzo co obxectivo de defender os intereses dos municipios integrados nela, en particular en todos os aspectos relacionados cos declarados 'de interese turístico', cos que teñen festas 'de interese turístico' e cos que contan con distintivos de calidade.

19* actualidade

Acordo Fegamp-Correos

Os concellos galegos aforrarán este ano 2,1 millóns de euros en envíos postais, grazas ao acordo subscrito entre a Federación e a compañía postal. Este aforro supón o dobre do Orzamento da Fegamp para este ano.

20* análise

Xestión de residuos municipais

Breve revisión normativa das competencias locais na xestión de residuos, coas obrigas retos e oportunidades máis salientables para os concellos.

22*

Tecnoloxía

Na sección de Tecnoloxía deste número afóndanse na renovación da imaxe da Fegamp en Internet e na celebración do I Encontro de Cooperación para o Desenvolvemento da Administración Electrónica.

24* consultorio legal

Dedicación parcial e actividades privadas: necesaria a autorización plenaria de compatibilidade?

Artigo técnico no que se analiza a cuestión, tan debatida, sobre a necesidade dun pronunciamento plenario das corporacións municipais en relación á compatibilidade ou incompatibilidade das actividades privadas dun cargo electo cando este ten asignada unha dedicación parcial no concello.

25*

Fondo Galego

O Fondo Galego fai balance na súa sección da lexislatura que agora remata, coa satisfacción de ter realizado un traballo transpartidario no que a defensa dos dereitos humanos está por riba de siglas e cores.

26*

Breves

Recompilamos as principais noticias xeradas ao redor da Federación nos últimos meses. Un resumo da acción institucional do presidente e a súa xunta directiva, así como noticias de interese para os concellos.

28* formación IFAL

'Poder Local e Unión Europea'

O Centro de Estudos e Documentación Europea (CEDE), da Universidade de Santiago (USC), e a Fegamp, presentan un programa de formación continua para cargos electos e persoal das entidades locais, que establece unha ponte entre elas e Europa, apoiada nos piares da modernización administrativa, os supostos prácticos e as necesidades dos municipios.

29*

Axudas e convocatorias

Selección das liñas de axudas e convocatorias que poden resultar de interese para as entidades locais. Servizo público para os concellos.

A Lei de Transparencia do Goberno chega ás entidades locais...



As entidades locais teñen un máximo de 2 anos, prazo que remata o vindeiro 10 de decembro, para adaptarse á Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, o que non lles impide que o poidan facer xa, tal e como aconteceu no caso da Deputación Provincial de Ourense, ou mais recentemente, no do Concello de Culleredo.

Todas as entidades locais, sexa cal sexa ou seu albor poboacional, a súa capacidade económico-orzamentaria, ou a súa estrutura organizativa, teñen a obriga de aplicar a Lei 19/2013, como tamén terán que facelo as entidades locais non territoriais (nomeadamente, en Galicia, mancomunidades e consorcios), as entidades do chamado sector público instrumental local (organismos autónomos, entidades públicas empresariais, fundacións publicas locais ou sociedades mercantís locais con maioria pública) e as asociacións constituídas polas entidades locais (por exemplo, a propia Fegamp).

A transparencia na eido local non é ninguha novidade, pois xa a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, introducíu o artigo 70 bis na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, coa finalidade de potenciar a participación dos veciños na vida pública municipal. Tamén o propio Consello de Europa, no seu informe sobre o grao de cumprimento da Carta Europea de Autonomía Local de 1985, ten incidido sobre esta necesidade.

A Lei 19/2013 ten tres piares básicos, con finalidades distintas, pero relacionados entre si: a transparencia da actividade pública; o acceso (dos cidadáns) á información pública; e o bo goberno. Vexamos de xeito resumido cada un deles:

1. Transparencia da actividade pública

As entidades locais (e os seus entes instrumentais) deberán publicar aquela información cuxo coñecemento poidese resultar relevante para garantir a transparencia na súa actuación. Dita publicación, conforme dispón a Lei, abrangue a que se refire á propia institución, a súa organización e planificación (plans de lexislatura, plans de investimentos); a xurídica (proxectos de regulamentos ou ordenanzas locais); e a relativa a actos con repercusión económica, orzamentaria e estatística (contratos, convenios, subvencións, orzamentos, contas, etcétera).

A vía básica para levar adiante a publicación desa información será a sede electrónica ou páxina web de cada entidade local (ou ente instrumental), e dita publicación debe levarse adiante dun xeito claro, estruturado e entendible, periódico e actualizado. A Lei dispón, aínda que para a Administracion do Estado, o desenvolvemento dun chamado 'Portal de Transparencia', medida que tamén pode ser axeitada para as entidades locais.

Polo tanto, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) están chamadas a xogar un papel importante na aplicación da Lei 19/2013 polas entidades locais, o que obrigará a potenciar os seus servizos de administración electrónica, que a Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local ven de atribuír competencialmente ás deputacións nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

2. Acceso a información pública

As entidades locais deberán establecer, se non contaran xa con eles, sistemas para xestionar as solicitudes dos cidadáns da información pública da que dispoñan. Tendo en conta que esas solicitudes vanse realizar principalmente a través de medios electrónicos, en moitos casos será necesaria a colaboración das deputacións provinciais.

O procedemento axeitado para canalizar ese dereito cidadán será a aprobación dunha ordenanza municipal de transparencia, que o regulará, fixará as súas limitacións (en especial, no que atén á protección de datos), e o réxime de impugnacións contra a denegación de acceso, sen prexuízo de poder incluír nela outras cuestións para complementar ou desenvolver o disposto na Lei.

Ante a negativa (expresa ou presunta) de acceso á información, a Lei 19/2013 establece unha reclamación potestativa previa na vía administrativa –antes de acudir aos xulgados do Contencioso-Administrativo, diante do chamado Consello de Transparencia e Bo Goberno, malia que a comunidade autónoma pode atribuír esa competencia a outros órganos (por exemplo, ao Valedor do Pobo).

Esta Federación acaba de aprobar un Plan de Transparencia e Bo Goberno, que inclúe un modelo de ordenanza tipo de transparencia, acceso á información e reutilización de datos, instrumento que pon a disposición de todas as entidades locais de Galicia.

3. Bo goberno

É sen dúbida a finalidade ou aspecto mais mediático da Lei, pero tamén o que ten uns perfís máis difusos e unha máis complexa aplicación, en tanto regula principios éticos e de actuación –como recolle o artigo 26 da Lei– das persoas con responsabilidade política nas entidades locais.

O seu réxime xurídico, no eido local, será aplicable aos altos cargos ou asimilados e aos membros das xuntas de goberno (obviamente onde existan). Terán, polo tanto, a consideración de altos cargos os alcaldes ou presidentes, os concelleiros ou deputados delegados e os membros integrantes das xuntas de Goberno. Tamén haberá que considerar aplicable este réxime xurídico aos directores xerais e asimilados das entidades locais de gran poboación.

No antedito Plan de Transparencia e Bo Goberno elaborado e aprobado pola Fegamp, incluíuse unha proposta de código ético e de bo goberno, ao que poderán adherirse as entidades locais que o estimen conveniente.

ALFREDO GARCIA
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Alcalde de O Barco de Valdeorras

El Plan de Transparencia ¿garantía de xestión impecable?

O Plan de Transparencia e Bo Goberno para Entidades Locais aprobase nun momento de convulsión social que, non sen merecemento, está a afectar de xeito directo aos políticos. Cada vez máis estamos máis en boca dos cidadáns, e moitas veces convertidos nun problema. É certo que a meirande parte dos políticos traballan para mellorar as condicións de vida dos veciños e non para favorecerse a si mesmos ou ás persoas do seu entorno, pero sempre hai algún que, coa súa xestión, converte a excepción en xeneralidade e provoca entre a cidadanía ese pensamento de que 'todos son iguais', cando non é exactamente así.

O certo é que os políticos temos que facer máis que nunca de 'muller do César', e procurar que as administracións sexan transparentes e accesibles para a cidadanía, que todos os veciños poidan dispoñer dos mecanismos necesarios que lles permitan saber quen somos e as decisións que tomamos... e como as tomamos. Trátase dunha cuestión fundamental para que os veciños poidan ter unha opinión de todos nós baseada en información accesible para todos eles.

Desde o punto de vista da administración municipal, os habitantes dos respectivos concellos saben que alcaldes, que políticos locais e que concellos teñen unhas condutas inapropiadas. O problema actual non é a transparencia, e a mala imaxe que podan ter os políticos, non se resolve coa simple implantación un plan de transparencia e bo goberno. A solución está en que os representantes dos cidadáns nas diferentes administracións, e en especial nas locais, teñan unha conduta responsable e fóra de toda dúbida. E tamén nos propios veciños, que teñen a responsabilidade de decidir co seu voto quen goberna en cada unha das administracións, e de elixir aos que sexan máis capaces e que xeren máis confianza para ocupar os diferentes cargos públicos.

Este é un exercicio democrático que ninguén debe (debemos) eludir, deixando de votar a aqueles cuxa conduta non sexa a que debe ter calquera profesional no desenvolvemento do seu traballo. Si os cidadáns seguen a votar a aqueles que demostraron pouca exemplaridade no seu cargo, o mal non desaparece por moito plan de transparencia que se implante nas administracións. E os partidos tamén teñen unha gran responsabilidade á hora de decidir quen ocupa os cargos públicos, xa que resulta inadmisible o empeño de manter no poder a persoas que non o merecen pola súa xestión. Neste sentido, hai que lembrar que a responsabilidade política e a responsabilidade legal, aínda que en moitos casos se presenten unidas, non sempre van da man. A responsabilidade política, nomeadamente cando se fala da xestión económica das administracións, ten que estar por enriba da legal.

Benvido pois o Plan de Transparencia e Bo Goberno para as Entidades Locais, polo que pode significar de accesibilidade á información por parte dos veciños. Pero non chega con ter un documento e aplicalo mecanicamente. É imprescindible que os cargos públicos demostremos máis e que cumpramos co mandato de xestión impecable, eficaz, rigorosa e limpa que nos encomendaron os nosos veciños. É o mesmo que se lle pide a calquera outro traballador, sexa do ámbito que sexa, coa salvedade de que nós, ademais, debemos render contas cada catro anos ante aqueles que nos depositaron a súa confianza. Como ten que ser.

FRANCISCO GARCIA
Vicepresidente segundo da Fegamp
Alcalde de Allariz

Estamos asistindo, nos últimos tempos, a unha demanda crecente por parte da maioría da sociedade de requirimentos máis esixentes no que atinxe ao funcionamento das administracións e dos poderes públicos, que tamén afecta ás entidades locais. Froito diso, forma parte da axenda lexislativa e política actual adoptar novas normas sobre transparencia e eficacia na xestión dos asuntos públicos, así como de garantía dos servizos públicos.

Polo que respecta á transparencia, a adopción dunha norma básica que vincula aos concellos pode xulgarse como un avance necesario, mais realmente cativo. O Goberno central optou por un modelo desfasado e anquilosado, de baixa intensidade, lonxe das aspiracións maioritarias expresadas en moitos inquéritos, que esixen poder monitorizar e fiscalizar as decisións políticas máis relevantes, para o cal precisan ter recoñecido un dereito real e pleno do acceso á información do sector público. Porén, o sistema de transparencia implantado, cínguese a habilitar soportes para difundir determinados aspectos da xestión pública. Iso proporcionará maior volume de información aos administrados de como viña acontecendo, mais fica lonxe de regular mecanismos que concedan capacidade real ás persoas ou colectivos sociais para coñecer a fondo moitas decisións políticas e administrativas. O acceso á información, alicerce fundamental da transparencia, aínda se mantén condicionado, polo tanto cautivo, se así o desexar un determinado poder ou autoridade públicos, ao non terse avanzado na regulación como un dereito obxectivo, manténdoo como unha concesión dependente da "sensibilidade" coa que se interprete en cada caso por parte da autoridade ou goberno de turno.

Existe, ademais, unha fonda preocupación pola prestación dos servizos públicos locais, dado que nunha situación de fonda crise, constitúen un elemento indispensábel para a equidade social, para asegurar que todas as persoas teñen acceso a un nivel básico prestacional. As entidades locais veñen padecendo, alén de limitacións no seu financiamento, tamén importantes restricións á hora de procurar fórmulas de xestión directa, máis transparente e eficiente para os seus servizos, ao imporse -consagrándoa legalmente- a política de "austeridade", que aboca a unha perda de presenza da administración en moitos eidos e aboca á privatización de servizos. Con todo, ese modelo privatizador tamén amosa eivas da perspectiva da transparencia, sobre todo por asistirmos a unha concentración de empresas de servizos en moitos ámbitos, que se conforman en auténticos oligopolios, condicionando e alterando os procesos de contratación, aínda presididos baixo procedementos públicos e garantistas. As recentes investigacións e sancións impostas polo órgano regulador da competencia a empresas de servizos de recollida e xestión de residuos amosan como ese modelo privatizador pode derivar en prácticas opacas que provocan alteracións de prezos que recaen en primeira instancia nos concellos, mais que logo repercútense a todos os seus veciños e veciñas.

Polo tanto, tamén está intimamente relacionado coa demandas de transparencia pública, a "remunicipalización", ou sexa a recuperación da xestión directa de servizos públicos locais, pois só dese xeito un concello pode ter control pleno da súa xestión en todas as fases e dar conta con plena conciencia á veciñanza dos aspectos económicos e organizativos dos mesmos. Este proceso tamén reforzaría un dimensionamento axeitado do sector público local como axente prestador de servizos esenciais, guiando así a actividade prestacional local por criterios redistributivos por riba dos economicistas.

Noutra orde, debemos chamar a atención de que no modelo de transparencia que acaba de entrar en vigor, o Goberno central aproveitou asemade para alentar as súas arelas recentralizadoras, ao contemplar un réxime sancionador aplicábel ás entidades locais, atentando dese xeito contra a autonomía local e o seu dereito á autoorganización. É evidente que a cada concello compételle definir o réxime de transparencia polo que opta, a partires duns mínimos comúns para todo o sector público, e niso tamén vai establecer os mecanismos propios para facer que se cumpra, sen ter que someterse a tutelas ou intervencións alleas por ser aspectos vinculados á organización e xestión que decide aplicar sobre os seus procedementos e servizos.

Retomando a reflexión inicial, é a demanda social quen impulsa a transparencia na actividade pública, polo que é unha mágoa que este primeiro chanzo dado se inclinara máis cara un modelo-tipo a ofrecer polas institucións e administracións públicas ca tender cara un sistema aberto onde, precisamente quen demanda, calquera persoa ou colectivo representativo, segundo as súas inquedanzas, puidese acceder ao coñecemento aberto esferas de xestión pública e, dese xeito, ningunha autoridade ou goberno puidesen exercer de costas aos seus veciños e veciñas.

Momento do Consello Federal da Fegamp que aprobou por unanimidade os Orzamentos da institución

A Fegamp reduce os seus Orzamentos para 2015 nun 6,45%

O Consello Federal da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) aprobou o pasado 18 de marzo por unanimidade os Orzamentos da institución para este ano 2015. Ascenderán a 1.059.778 euros, o que supón unha redución do 6,45% respecto aos de 2014.

Esa rebaixa é aproximadamente o dobre da que xa se producira o ano pasado (3,27%) e trátase dos Orzamentos máis austeros da Fegamp nos últimos 11 anos.

De feito,dende o ano 2011, as contas da institución caeron ano tras ano, ata un 26,97%, malia o que a Fegamp non só continúa prestando os mesmos servizos ao municipalismo galego, senón que incrementou a súas prestacións.

Evolución gastos Fegamp *(Anos 2012 - 2015)*



Os Orzamentos da Federación son realistas, con gastos e ingresos equilibrados, os primeiros calculados en función das obrigas previstas para o exercizo; os segundos, baseados en previsións racionais e datos coñecidos.

O Consello Federal da Fegamp decidiu tamén manter conxelado un ano máis as cotas que os concellos asociados aboan á Fegamp, debido á situación financeira que aínda sofren algúns deles.

II.

INFORME

Indicadores e xestión municipal: un ecosistema complexo

O mundo local galego é moi diverso. Nel confl úen multitude de factores internos e externos que inciden na prestación dos servizos. Ao carón de importantes ameazas e debilidades que se deben minimizar, tamén detectamos oportunidades e fortalezas que é necesario aproveitar para lograr unha maior eficiencia na xestión municipal.

Este informe pretende ofrecer unha visión do municipalismo galego dende perspectivas diferentes: nivel de gasto con respecto ás demais administracións galegas, comparativa co municipalismo estatal e unha foto global da estrutura interna, mediante a agregación dos datos individuais dos concellos que conforman cada unha das comarcas.

Gasto estimado administracións galegas
(Ano 2013)

2,86 %	Concellos menores de 5.000 habitantes
5,01 %	Concellos entre 5.000-20.000 habitantes
2,45 %	Concellos entre 20.000-50.000 habitantes
7,44 %	Concellos maiores de 50.000 habitantes
3,90 %	Deputacións
78,35 %	Xunta de Galicia

Na comparativa dos orzamentos das administracións galegas, observamos que a maior porcentaxe de gasto corresponde á autonómica, que supera o 78%, aínda que hai que ter en conta que sanidade e educación absorben máis do 60% dese gasto. A porcentaxe dos concellos alcanza o 18%, mentres que as deputacións están en torno ao 4%.

Vemos que os 200 municipios galegos menores de 5.000 habitantes non chegarían ao 3% do gasto total, porcentaxe que aumenta ata o 8% se agregamos os 92 concellos do seguinte tramo poboacional (entre 5.000 e 20.000 habitantes).

INDICADORES DE XESTIÓN

(Concello medio Galicia-Estado)

INDICADORES DEMOGRÁFICOS E TERRITORIAIS *(Ano 2014)*	GALICIA	ESTADO
Poboación media por concello	8.754	5.762
Porcentaxe habitantes maiores 65 anos	23,58%	18,05%
Porcentaxe de concellos menores de 5.000 habitantes	63,69%	83,93%
Nº medio entidades singulares de poboación por concello	96	8
Densidade media	93	92
Superficie media por concello (Km²)	94	62
INDICADORES DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	**GALICIA**	**ESTADO**
PIB per cápita (Ano 2014)	19.954 €/hab	22.780 €/hab
Renda dispoñible bruta per cápita (Ano 2011)	14.233 €/hab	14.992 €/hab
INDICADORES ORZAMENTARIOS *(Provisionais ano 2013)*	**GALICIA**	**ESTADO**
Ingresos totais	792,66 €/hab	1.051,49 €/hab
Impostos locais	277,14 €/hab	429,99 €/hab
Taxas e outros ingresos	144,45 €/hab	178,02 €/hab
Transferencias	342,04 €/hab	366,03 €/hab
Outros ingresos varios	29,02 €/hab	77,45 €/hab
Gastos totais	753,94 €/ Hab	954,05 €/hab
Débeda pública	56,31 €/hab	111,80 €/hab
Servizos públicos básicos	305,46 €/hab	366,17 €/hab
Actuacións de promoción e promoción social	87,27 €/hab	95,28 €/hab
Produción de bens públicos de carácter preferente	114,21 €/hab	135,52 €/hab
Actuacións de carácter económico	54,25 €/hab	54,47 €/hab
Actuacións de carácter xeral	136,44 €/hab	190,82 €/hab
INDICADORES FINANCEIROS *(Provisionais ano 2013)*	**GALICIA**	**ESTADO**
Débeda viva	255 €/hab	745 €/hab
Carga financeira	7,85%	12,09%
Índice de solvencia	3,58	2,50
Índice de liquidez inmediata	1,48	0,65
Remanente de tesourería para gastos xerais axustado	121 €/hab	63 €/hab
Superávit por habitante	75 €/hab	118 €/hab
% Concellos que cumpren estabilidade orzamentaria	92%	92%

Indicadores demográficos e territoriais

- Galicia conta con 3.000 Habitantes máis de poboación media por concello, respecto á media estatal
- O 64% dos concellos galegos ten menos de 5.000 habitantes, fronte ao 84% estatal
- En Galicia destacan dúas graves problemáticas fronte aos valores medios do Estado:
  - > Porcentaxe de envellecemento superior en máis de cinco puntos porcentuais
  - > Gran dispersión poboacional (96 entidades singulares de poboación por concello)

Indicadores económicos

- O PIB galego por habitante era inferior en preto de 3.000 euros (Ano 2014)
- A Renda dispoñible galega por habitante era inferior en 700 Euros (Ano 2011)

Indicadores orzamentarios e financeiros

- Os ingresos por habitante son substancialmente menores con dúas casuísticas destacables:
  - > A inferior valoración catastral media, que repercute nunha menor recadación por habitante en concepto de IBI Urbano
  - > A menor Participación nos Ingresos do Estado (PIE), que non ten en conta no seu reparto factores específicos que afectan á prestación dos servizos, aínda que se ve parcialmente compensada no capítulo de transferencias polas contías recibidas do fondo de cooperación local galego
- O gasto por habitante é tamén menor, aínda que o factor territorial incide directamente na asunción dun maior custo per cápita en 3 programas: benestar comunitario, infraestruturas e promoción do emprego
- Os índices financeiros dos concellos galegos son satisfactorios respecto á media estatal
  - > Menor débeda viva por Habitante (500 Euros por debaixo)
  - > Mellores índices de solvencia e liquidez inmediata
  - > O remanente para gastos de tesourería axustado por habitante dobra á media estatal
  - > A porcentaxe de concellos que cumpren a Lei de Estabilidade Orzamentaria é semellante á estatal (92 %)
  - > O superávit por habitante (75 €) é sensiblemente inferior á media estatal

Da análise xenérica dos concellos galegos fronte aos do Estado, podemos concluír que o municipio medio galego conta con máis poboación, pero máis envellecida e cun asentamento moito máis disperso; dous factores que prexudican notoriamente á xestión dos servizos que teñen que prestar, e a pesar de que ingresan e gastan menos, teñen uns índices de solvencia substancialmente mellores que a media estatal. Cando analizamos os datos agregados dos concellos por comarcas encontramos un cúmulo de situacións diversas. Nas distintas áreas hai factores positivos ou negativos extremos.

Pero máis alá de identificar cal é a administración máis axeitada para prestar o amplo elenco de servizos que demandan os cidadáns, ou o dimensionamento óptimo para a súa prestación, hai que partir da base de que é ´mal negocio´ supoñer, sen facer un estudo previo rigoroso, que un servizo determinado vai ter un custo menor polo feito de ser acometido por un organismo de maior tamaño. Esta afirmación, que é cuestionable estritamente en termos económicos, e aínda máis discutible atendendo aos principios de descentralización, proximidade, eficacia y eficiencia, plasmados na normativa en materia de réxime local.

Máis sorprendente é o feito de cuestionar a supervivencia dos municipios polos cuantiosos déficits que xeran, ou a gran débeda que soportan os cidadáns, producindo una sensación de "culpabilidade" dos concellos. Abonda con remitirse aos datos para poder afirmar que, se os números non enganan, a realidade é ben distinta. En días pasados publicáronse os datos correspondentes ao ano 2014, que confirman que, nun escenario de déficit, a única administración con superávit é novamente a local.

No contexto global, concluímos que os concellos galegos non teñen xenericamente un problema financeiro, senón de financiamento. Non é unha dificultade singular dos concellos a especial complexidade que asumen na prestación de servizos. É un problema que afecta a Galicia, na recollida e o tratamento dos Residuos, no abastecemento de augas ou no ámbito dos servizos sociais, pero tamén en sectores tan estratéxicos como a educación e a sanidade, ámbito competencial da administración autonómica. As peculiaridades galegas esixen un financiamento xusto, e esas características específicas deben ser tidas en conta no reparto dos fondos estatais, a diferenza do que sucede ata hoxe.

Pero é obvio que os datos plasmados neste informe evidencian unhas problemáticas estruturais comúns á maioría, e outras específicas de cada área, cuestións que xa están incidindo negativamente na actualidade, e que a curto prazo xerarán unhas maiores dificultades. Nese contexto, é unha necesidade a adopción de solucións homoxéneas e heteroxéneas, que se adapten a cada unha das realidades presentes e futuras, para preservar un modelo no que se garanta a prestación efectiva e solvente dos servizos básicos aos cidadáns en todo o territorio da nosa comunidade.

INDICADORES DE XESTIÓN DATOS AGREGADOS CONCELLOS POR COMARCAS

COMARCAS / ÍNDICES	% Maiores 65 anos 2014	Poboación media por concello 2014	Diferencia habitantes 1998-2014	Media habitantes por entidade singular de poboación	Densidade	PIB por habitante 2012
Arzúa	29,62%	4.227	-2.810	29	35,4	14.084
Barbanza	20,58%	16.944	1.289	177	272,4	16.548
A Barcala	28,67%	5.382	-1.410	56	52,8	12.236
Bergantiños	25,29%	9.847	-1.660	67	93,2	12.582
Betanzos	28,05%	3.877	-540	35	58,3	16.287
A Coruña	20,91%	44.139	46.808	481	838,1	26.017
Eume	24,18%	5.098	-3.502	38	47,4	44.215
Ferrol	24,65%	14.493	-7.170	117	252,2	17.036
Fisterra	25,89%	4.492	-3.286	88	68,2	17.558
Muros	30,65%	6.747	-3.292	122	96,2	10.870
Noia	26,46%	8.615	-3.707	72	106,3	12.627
Ordes	24,98%	5.384	-320	52	50,5	22.041
Ortegal	35,45%	3.236	-4.746	22	34,6	13.729
Santiago	18,30%	23.583	22.608	174	240,5	25.871
O Sar	24,84%	5.458	-1.783	77	94,4	19.780
Terra de Melide	30,20%	3.133	-2.502	23	35,4	13.569
Terra de Soneira	29,28%	6.129	-3.967	79	51,7	13.222
Xallas	29,61%	7.004	-3.600	61	37,4	15.638
Os Ancares	38,78%	1.825	-4.028	19	10,4	11.645
Chantada	34,53%	4.685	-3.654	21	30,1	16.817
A Fonsagrada	39,40%	1.854	-2.418	13	8,3	13.256
Lugo	22,60%	15.040	9.265	90	87,5	21.594
A Mariña Central	24,72%	4.977	-778	51	60,7	17.660
A Mariña Occidental	25,74%	5.346	-1.352	36	53,3	30.338
A Mariña Oriental	28,11%	4.185	-921	40	41,6	15.833
Meira	36,50%	1.362	-1.596	22	17,8	19.000
Quiroga	39,48%	1.873	-2.038	27	10,1	15.384
Sarria	31,21%	3.389	-3.104	26	28,3	17.900
Terra Chá	32,19%	4.704	-7.300	20	23,3	17.706
Terra de Lemos	34,60%	5.313	-5.084	30	33,6	13.366
A Ulloa	36,29%	3.177	-1.995	18	23,3	17.373
Allariz-Maceda	33,44%	2.440	-1.059	50	38,4	12.401
Baixa Limia	42,23%	1.527	-2.639	47	14,8	8.640
O Carballiño	33,87%	3.109	-2.587	47	51	12.223
A Limia	35,49%	1.997	-3.401	88	27,7	13.589
Ourense	24,41%	12.130	5.344	202	228,9	22.298
O Ribeiro	36,78%	1.720	-3.807	64	41,4	11.965
Terra de Caldelas	44,59%	806	-1.664	13	10,6	14.844
Terra de Celanova	41,31%	1.875	-4.633	33	38,9	9.604
Terra de Trives	39,30%	1.108	-1.911	30	10,6	20.445
Valdeorras	27,00%	3.000	-1.736	162	27,5	20.066
Verín	31,59%	3.444	-1.606	163	27,4	12.321
Viana	37,14%	1.591	-2.178	67	10,1	15.813
O Baixo Miño	20,32%	10.080	5.312	125	160	12.501
Caldas	22,63%	4.965	-757	92	121,4	13.556
O Condado	20,16%	8.457	4.984	62	127,2	10.991
Deza	27,93%	6.902	-6.578	39	42,9	15.054
O Morrazo	18,76%	20.903	4.877	380	589,7	12.789
A Paradanta	33,22%	3.307	-5.681	21	49,1	9.003
Pontevedra	19,83%	15.512	10.150	176	196,3	19.318
O Salnés	20,07%	12.282	7.078	199	402,6	16.401
Tabeirós-Terra de Montes	29,53%	8.918	-3.364	43	51,4	11.952
Vigo	19,30%	38.531	28.600	425	678,9	22.553
TOTAL	**23,58%**	**8.754**	**24.151**	**91**	**92,9**	**19.599**

Fontes: Instituto Galego de Estatística. Instituto Nacional de Estatística. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Elaboración propia



Indicador desfavorable

Indicador intermedio

Indicador favorable

Ingresos totais por habitante 2013	Gastos totais por habitante 2013	Débeda pública por habitante 2013	Débeda viva por habitante 2013	Porcentaxe concellos que cumpren estabilidade orzamentaria 2013
756,32	722,07	5,52	69,36	100
750,89	717,77	58,51	319,75	100
633,63	635,44	19,22	183,65	100
674,81	651,93	60,79	146,56	100
784,25	715,33	32,18	162,58	90,00
910,33	882,25	47,75	244,32	77,78
1.085,53	1.077,24	7,03	19,11	60,00
830,83	748,85	55,31	306,52	100
798,77	747,54	20,93	110,92	100
659,53	623,05	38,74	339,00	100
676,85	701,44	73,70	123,57	100
821,38	754,26	51,70	308,89	100
1.018,29	901,77	60,43	402,62	100
849,95	816,38	69,34	415,51	100
697,03	688,73	14,48	127,42	33,33
870,39	832,53	54,23	121,01	75,00
729,89	684,68	41,43	170,63	100
811,27	801,35	24,83	72,86	100
681,75	621,00	28,76	9,68	100
688,79	601,67	51,44	416,45	100
848,53	800,88	7,98	108,72	100
817,67	793,27	81,21	245,26	100
739,20	661,89	40,84	171,05	100
1.082,90	991,60	101,22	590,63	100
958,11	898,77	35,09	331,08	50,00
932,36	956,53	59,42	371,61	50,00
992,87	932,37	60,70	274,78	100
719,11	669,08	32,64	155,50	71,43
712,62	690,64	29,66	227,71	100
693,46	599,41	19,54	137,46	100
880,39	804,42	51,08	353,36	100
848,16	657,67	50,94	601,39	100
875,84	798,22	35,92	239,37	80,00
645,62	567,85	40,34	263,61	88,89
813,58	767,97	67,61	596,19	90,91
933,56	831,75	83,04	329,35	100
866,06	830,95	61,46	421,17	80,00
1.094,86	999,09	25,06	233,72	100
658,07	581,88	31,16	200,73	90,00
1.042,84	941,74	18,45	159,27	100
718,25	675,18	25,41	243,07	88,89
824,70	798,23	43,42	218,08	100
934,25	814,86	56,26	220,49	100
516,38	509,19	19,31	50,54	100
661,78	624,38	38,51	261,70	100
572,47	501,10	36,72	288,19	100
753,34	772,08	46,39	324,16	83,33
546,22	489,73	34,29	329,38	100
662,20	653,30	49,15	162,04	100
758,40	757,13	46,09	240,78	100
753,14	704,76	75,13	444,17	88,89
635,17	631,62	43,65	116,09	100
766,49	755,23	80,34	158,77	90,91
792,66	**753,94**	**56,31**	**255,05**	**92,36**

Ticket Eléctrico Social de Galicia

Luz ao final do túnel...

O acceso á enerxía eléctrica é unha necesidade básica, ao tratarse dun servizo de uso común, ordinario e xeralizado. O importe da factura eléctrica incrementouse considerablemente nos últimos anos debido principalmente ao aumento dos custos fixos, derivados do déficit de tarifa que se inclúen na factura eléctrica, e que non se poden reducir mediante un menor consumo enerxético. Este feito, unido ao contexto económico actual, dá lugar a que moitas familias as que teñen menores ingresos e mais cargas familiares non teñan posibilidades económicas para o pagamento da cantidade de enerxía suficiente para cubrir as súas necesidades básicas.

Co obxectivo de paliar estas dificultades, a Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) concede axudas para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do tícket eléctrico social de Galicia ás familias con fillos menores a cargo cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

Tendo en conta o obxecto e finalidade da orde do 23 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión da subvención, en réxime de concorrencia non competitiva, para o pagamento de parte da factura eléctrica, a través do tícket eléctrico social de Galicia para o segundo semestre do 2.014 e o primeiro semestre do 2015 (DOG nº. 43, do 4 de marzo de 2015), axilizarase o procedemento e permitirase un prazo de solicitude máis amplo.

O prazo de presentación de solicitudes para as axudas ao pagamento das facturas eléctricas do segundo semestre de 2014 comezará o dia 5 de marzo de 2015 e rematará o 30 de abril de 2015. Para as axudas ao primeiro semestre do 2015 o prazo de presentación de solicitudes comezará o 1 de xullo de 2015 e rematará o 15 de setembro de 2015. Terá que facerse unha solicitude distinta para cada semestre

Requisitos

- Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter fillos menores de idade a cargo.
- Estar aboando a factura de eléctrica a unha comercializadora e figurar como pagador.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 do xuño, de Subvencións.
- Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

Características da axuda

Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade (IVE incluído) cuxo período de lectura estea incluído dentro do segundo semestre do 2014 ou primeiro semestre do 2015, segundo corresponda. No caso de que unha factura abrangue un período que saia do semestre correspondente, considerarase subvencionable o custo prorrateado dos días incluídos no semestre.

A contía da subvención será unha cantidade fixa de 90 € ao semestre para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de 150 € ao semestre para as que acrediten ser ademais, familia numerosa. Na anterior regulación de axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica, establecíase unha cantidade de 45 € ao semestre, incrementándose esta cantidade ata 60 € para as familias numerosas.

A contía da axuda non poderá superar o importe da factura eléctrica pagada durante o semestre.

PROFESIONAIS AO SERVIZO DOS CONCELLOS

Solucións rápidas e eficientes para a **cobertura de vacantes temporais** nas administracións locais

Con **fórmulas de contratación áxiles e sinxelas** para servizos de substitucións

E con **profesionais e persoal técnico** coa cualificación requirida para cada perfil

- Servizos administrativos
- Servizos sociais
- Servizos sanitarios
- Servizos educativos
- Servizos deportivos e de lecer
- Servizos de mantemento

Multiservizos profesionais
T. 902 104 900
info@recursoseprogramasactivos.com

O alcalde de O Grove, Miguel Ángel Pérez, presidiu a primeira reunión da sección de concellos con intereses turísticos da Fegamp

Primeiros pasos da sección de 'Concellos con Intereses Turísticos' da Fegamp

O 19 de marzo do ano pasado quedou constituída a sección de 'Concellos con Intereses Turísticos' da Federación. O seu fin é fomentar e defender os intereses dos municipios integrados nela, en particular, en todos os aspectos relacionados cos declarados 'de interese turístico', cos que teñen festas declaradas 'de interese turístico' e cos que contan con distintivos de calidade.

A primeira reunión da sección de 'Concellos con Intereses Turísticos' tivo lugar no pasado mes de febreiro. Nela acordouse solicitar maior rapidez e claridade na tramitación das ordes e axudas dedicadas ao turismo, para evitar retrasos na contratación de persoal destinado á realización de actividades temporais. Tamén piden que todas as axudas se concentren nunha soa, para que os concellos a distribúan segundo as súas necesidades, e que os concellos que teñan algunha declaración de interese turístico reciban un plus.

Outra das tarefas da sección da Fegamp será potenciar a participación dos concellos no nomenclátor dos establecementos de hostalería.

Os membros da sección consideran que os concellos turísticos deberían poder opinar tamén sobre a política e o mapa aeroportuarios, xa que se trata dunha cuestión que trascende aos propios concellos nos que esas terminais están situadas.

En relación coa problemática dos aloxamentos turísticos irregulares, cren que debería incrementarse a inspección por parte de Turismo. 'O concello pode colaborar informando da existencia ou carencia de licenza de actividade', estiman, 'pero non pode realizar a inspección'.

Desde a sección da Federación desexan que incorporen máis concellos aos distintivos de calidade e valoran como moi interesante dar a coñecer á totalidade dos concellos galegos o Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (Sicted).

Por último a sección prevé reunirse en breve co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, coa directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro, e cos responsables do Clúster de Turismo de Galicia, e mesmo coas deputacións, para trasladarlles a todos eles as inquedanzas dos municipios máis directamente vinculados ao sector turístico galego.

Órganos directivos

Presidente da sección, da Asamblea Xeral e do Comité de Dirección: Miguel Ángel Pérez García, alcalde do Concello do Grove.

Comité de Dirección: concellos de Betanzos, Celanova, O Grove, Oroso, Rianxo e Sanxenxo.

Subsección de Distintivos de Calidade: concellos de Baiona, Foz, Muros, Sanxenxo e Viveiro.

Subsección de Municipios de Interese Turístico: concellos de Betanzos, Celanova, O Grove, Poio e Santiago de Compostela.

Subsección de Festas de Interese Turístico: concellos de Allariz, Cambados, Melide, Oroso, Ourense, Rianxo, Silleda, Sober e Verín.

Municipios 'de interese turístico'

Os derradeiros concellos que obtiveron esta consideración foron o de Sober (DOG 18/07/2014) e o de Palas de Rei (DOG 18/02/2015), ambos os dous na provincia de Lugo.

Na actualidade están integrados na sección da Fegamp os 44 concellos galegos que foron declarados 'de interse turístico'.

Os concellos de Parada de Sil (Ourense) e Muros (A Coruña) están neste momento pendentes da publicación no DOG da súa declaración.

Os concellos galegos aforrarán este ano 2,1 millóns de euros en envíos postais

Acordo Fegamp-Correos

Permitirá que os municipios da comunidade deixen de gastar 400.000 euros máis que no ano 2014, cando xa aforraran 1,7 millóns de euros... e todo, malia o incremento de tarifas aprobado por Correos para o presente exercicio.

Os concellos galegos son na actualidade o segundo cliente institucional máis importante de Correos na comunidade por número de envíos postais e paquetería, máis de 7,5 millóns en total no 2014, só superados pola Xunta de Galicia.

O acordo asinado o pasado 18 de febreiro entre o órgano postal e a Fegamp da continuidade ao programa de colaboración entre ambas as dúas institucións, que manteñen de xeito ininterrompido desde o ano 1995.

O aforro para os concellos galegos neste ano 2015 –2,1 millóns de euros–, increméntase en 400.000 euros, é dicir, nun 23,53%, respecto ao 2014, cando xa deixaran de gastar 1,7 millóns nese capítulo.

Para facernos unha idea (e como recollemos nas páxinas iniciais do presente número desta revista), o aforro que os municipios galegos obterán en envíos postais este ano, supera ao dobre do Orzamento da propia Fegamp para este curso de 2015.

Máis chamativo aínda é que ese incremento dos descontos para os concellos da nosa comunidade prodúcese nun ano no que Correos ten aprobado un incremento das súas tarifas. A rebaixa é posible gracias ao aumento dos volumes de envíos , ben por depósitos que os municipios non estaban realizando en Correos ate o de agora, ben pola incorporación ao acordo de máis entidades locais.

O acordo entre a Fegamp e Correos afecta a todo tipo de envíos postais (cartas certificadas e ordinarias, notificacións, paquetería express...) e ten efectos económicos desde o pasado 1 de xaneiro; de tal xeito que, desde a súa entrada en vigor no mes de marzo, beneficia aos concellos cos propios descontos derivados dél, e cos correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro.

> **'...os municipios galegos obterán un aforro en 2015 que supera ao dobre do Orzamento da Fegamp'**

A este acordo pódense sumar además todas aquelas sociedades públicas de xestión das entidades locais nas que a participación destas sexa maioritaria, como por exemplo, os entes que regulan o abastecemento e tratamento das augas.

TÁBOA DE DESCONTOS PARA OS CONCELLOS 2015

	Envíos no propio concello	Envíos a cidades	Envíos a outros concellos
Carta ordinaria	30,10% (+6%)	30,10% (+6%)	18,00% (+6%)
Carta certificada	33,90% (+6%)	33,90% (+6%)	14,50% (+6,10%)
Notificación	40,00% (+3%)	40,00% (+3%)	25,00% (+3,50%)
TOTAL	16.397,94	17.525,57	6,9%

Entre paréntese, o aumento rexistrado en cada apartado respecto ao ano 2014.

20.

ANÁLISE

Xestión de residuos municipais: obrigas, retos e oportunidades

Breve revisión normativa das competencias municipais na xestión de residuos

A lexislación estatal e autonómica actual en materia de residuos é o resultado da transposición ao noso ordenamento xurídico da *Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008, sobre os Residuos*. Esta norma fai especial fincapé na prevención, e incorpora un principio de xerarquía na producción e xestión de residuos.

A *Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados,* traspón ao ordenamento estatal a *Directiva 2008/98/CE*, adoptando as directrices marcadas pola norma europea, e aposta claramente pola **prevención, a reutilización, o reciclado e a valorización dos residuos, ao tempo que clarifica e delimita mellor as competencias das Entidades Locais para a xestión dos residuos xerados no seu territorio.**

COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS

Lei 22/2011 de Residuos e Solos Contaminados, art. 12.5

- Elaborar programas de prevención e de xestión dos residuos da súa compentecia.
- Xestionar os residuos comerciais non perigosos, os residuos domésticos das industrias.
- Obrigar ao produtor de residuos perigosos domésticos a que adopten medidas para eliminar esa característica e así os poidan depositar.
- Xestión directa ou indirecta dos residuos, independente ou en asociciación con outras entidades locais.
- Potestade para declarar servizo público todas ou algunhas das operación de xestión de resuidos por razóns de protección da saúde e do medio ambiente.

Lei 11/2012 de medidas urxentes en materia de medio ambiente, arts. 3.7 e 3.8

- Os xestores autorizados ao tratamento de residuos enviarán anualmente unha memoria con información do seu arquivo cronolóxico.
- Capacidade sancionadora por abandono, verquido ou elminación incontrolada de residuos.

OPORTUNIDADES

- Actuar en local, pensar en global
- Analizar os custos da prestación do servizo
- Acadar eficacia e eficiencia económica e ambiental
- Implementar a mellora continua no servizo
- Invertir en prevención na producción de residuos
- Involucrar á cidadanía
- Obter e aportar información transparente e de calidade

RETOS

- Implementar estratexias de prevención da xeración de residuos.
- Mellorar na calidade da información referente a xeración, recollida e tratamento de residuos.
- Mellorar na recollida selectiva de papel e envases.
- Reducir a porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica.
- Reducir o custo en transporte do tratamento centralizado dos residuos
- Implementar estratexias que faciliten a xestión pese á elevada dispersión poboacional.
- Mellorar na xestión da fracción orgánica dos residuos.
- Implementar a mellora continua do funcionamento dos Puntos Limpos e estendo o servizo entre a poboación.

QUEN CONTAMINA PAGA: A TAXA DO LIXO

O **principio de autonomía local** non é operativo sen non vai da man co **principio de suficiencia financiera.** Así pois, e aínda que non existira a *Lei 27/2013 de Racionalización,* non cabe dubidar sobre a aplicación dunha taxa sobre a xestión dos residuos municipais. A *Lei 22/2011,* no seu artigo 11 é clara ao respecto:

> *".. os custos relativos á xestión dos residuos terán que correr a cargo do produtor inicial de residuos, do posuidor actual ou do anterior posuidor de residuos (...) deberá incluirse o custo real das operación de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluida a vixiancia destas operación e o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros".*

A imposición da "taxa do lixo" xa non está hoxe en discusión, pero si xenera polémica a súa disparidade entre entidades similares. A análise e mellora continua do servizo prestado, a participación cidadá e a colaboración intermunicipal son claves para acadar unha xestión dos residuos eficaz e económicamente sostible, cunha repercusión dos custos á cidadanía axustada e á marxe do debate político.

A Fegamp renova a súa imaxe na rede de redes

O 3 de marzo, o presidente da Federación, José Manuel Rey Varela, presentou públicamente a nova páxina web da institución, ao tempo que era 'colgada' na internet. Nace co obxectivo de ser unha referencia e unha ferramenta útil, rápida e eficaz para as entidades locais e as outras administracións, os medios de comunicación e os cidadáns.

José Manuel Rey Varela, explicando aos medios de comunicación as novidades da modernizada web da Fegamp

É o segundo paso da nova estratexia de comunicación da Fegamp, logo da reactivación da súa presencia nas redes sociais, nomeadamente twitter e facebook. Xusto esas canles masivas de comunicación, de alcance mundial, están integradas e xogan un papel importante na recén estreada web, como mostra desa concepción comunicativa multimedia, que pretende que a actualidade do municipalismo galego e o labor que desenvolve a Federación chegue a cantos máis cidadáns mellor.

Unha das grandes novidades da web é a reorganización de contidos, simplificando e acelerando as procuras de información, ampliando as opcións de reutilización de datos, e poñendo énfase sobre todo nas áreas de Economía (con datos claves, informes propios, gráficos e táboas) e Documentación (que inclúe as últimas disposicións e normativas, estudos e análises, acordos, comunicacións...).

Asemade, a páxina contén fichas máis completas de cada concello e das catro deputacións provinciais, un percorrido pola historia da propia Fegamp, a actividade principal e información clave dos departamentos de Medioambiente, Consumo, Turismo e Formación da Federación (axudas e subvencións, convocatorias, xornadas, foros, seminarios e cursos, anuncios, convenios...), e por suposto, as últimas novas que teñen que ver e afectan á nosa administración local.

A web conta tamén cun acceso directo á versión en Pdf de todos os números publicados ate o de agora desta revista da Fegamp, 'Concellos Galegos'. E introducíronse avances para un mellor posicionamento Seo (Search Engine Optimization), ou que é o mesmo, posicionamento en buscadores ou optimización en motores de búsqueda, e fíxose un esforzo no seu deseño adaptativo (adaptación a calquera tipo de trebello desde o que conectemos coa web).

Para a contratación desta nova páxina a Fegamp contou coa colaboración dos colexios de Enxeñería e Enxeñería Técnica Informática de Galicia, que difundiron entre os seus colexiados a oferta. Entre as recibidas, e ante a igualdade de requerimentos técnicos, a Comisión Executiva decantouse pola máis económica, presentada pola empresa lucense 'Galicia Dixital', que construíu a web en colaboración cos técnicos da Federación, coordinados polo departamento de Comunicación.

Núñez Feijóo, Rey Varela e Mar Pereira, durante o acto de inauguración do encontro na Cidade da Cultura de Galicia

I Encontro de Cooperación para o Desenvolvemento da Administración Electrónica

A xornada para entidades locais, que foi organizada pola Fegamp e a Amtega, tivo lugar o pasado 16 de marzo no edificio CINC da Cidade da Cultura de Galicia, cunha nutrida asistencia de persoal e cargos electos dos concellos e as deputacións, responsables e técnicos da Administración autonómica e representantes das empresas do sector.

Os presidentes da Xunta e da Fegamp, Alberto Núñez Feijóo e José Manuel Rey Varela, e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Mar Pereira, cortaron a fita do encontro. Núñez Feijóo e Rey Varela salientaron a grande importancia que xa teñen as Tic no día a día da sociedade e das administracións públicas, e como o seu futuro inmediato pasa ineludiblemente pola xestión telemática, e Mar Pereira expuxo os proxectos que Amtega e Fegamp están a desenvolver e que atinxen aos concellos.

Pola mañá, a primeira mesa, 'Cara a unha veciñanza intelixente', foi moderada pola Fegamp e reuniu a representantes da Amtega, Colexio de Enxeñeiros en Informática de Galicia (CPEIG) e a Deputación da Coruña. O debate xirou ao redor da interoperabilidade, un modelo de ordenanza de administración electrónica e a Rede CeMIT, con interesantes achegas do público asistente tras a exposición dos relatores.

A continuación, moderada polo director xeral de Administración Local, tivo lugar a segunda mesa, 'Factura electrónica, licitación electrónica e transparencia; retos presentes e futuros cara ao bo Goberno', con representantes do Concello de Negreira, das deputacións de Pontevedra, Ourense e Lugo, e da Fegamp como relatores.

Pola tarde, o director xerente de Retegal dirixiu a mesa 'Unha Galicia conectada; a chave dos servizos dixitais', na que expertos da Amtega, Cosital (o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Galicia) e do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, disertaron sobre a rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia, do modelo de ordenanza para adaptarse á nova Lei de Telecomunicacións de Galicia, da importancia do despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións para a administración electrónica e do desenvolvemento de vilas intelixentes.

O remate da xornada, moderado polo responsable TIC da Fegamp, centrouse nos profesionais dedicados ás novas tecnoloxías da información e da comunicación nos concellos. O debate versou sobre a situación actual e os retos deses especialistas da Administración local. Na mesa estiveron os presidentes dos colexios profesionais de Enxeñeiros e de Enxeñeiros Técnicos en Informática de Galicia, así como o responsable TIC do Concello de Lugo. Xerouse un amplo coloquio entre os asistentes logo das ponencias.

Esta primeiro Encontro, naceu coa vocación dos seus organizadores de que teña sucesivas edicións que fortalezan a cooperación interadministrativa.

Dedicación parcial e actividades privadas... é necesaria a autorización plenaria de compatibilidade?

É unha cuestión debatida se, no caso dun concelleiro que exerza alguna delegación (ou mesmo a alcaldía-presidencia) e é vontade da corporación asignarlle por ilo unha dedicación parcial, resulta necesario que o pleno, na sesión que así o acorde, se pronuncie tamén sobre a compatibilidade ou incompatibilidade das súas actividades privadas con dita dedicación parcial ao cargo público (pronunciamento previsto no artigo 14 da Lei 53/1984).

Nunha primeira aproximación parece non ser necesaria tal declaración plenaria, por canto, por definición, a dedicación parcial asúmese porque dito cargo electo quere compatibilizar o desempeño dese cargo público coa continuación das súas actividades privadas.

Así, o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, ao regular o réxime de dedicación exclusiva no seu apartado primeiro, refírese de xeito expreso a que tal percepción será incompatible coa doutras retribucións públicas, así como para o desenvolvemento doutras actividades (é dicir, as privadas), tomando en bloque o réxime da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades.

Nembargantes, ao regular no seu segundo apartado, o desempeño de tales cargos con dedicación parcial, únicamente se remite ao límite de percepción de dúas retribucións de carácter público do artigo 5 da Lei 53/1984 (pois temos que lembrar que esa Lei tiña dous obxectivos: garantir a imparcialidade e independencia no execicio da función pública, para o cal poñíanse restricción ás actividades privadas que poideran comprometer aquelas, máis tamén rematar coa situación anterior, de múltiples casos nos que unha mesmo persoa ocupaba dous postos de traballo na administración pública).

En coherencia co previsto nese artigo 75, o artigo 5.b. da Lei 53/1984, de Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas, dispón que, por excepción, poderán compatibilizar as súas actividades co desempeño de cargos electivos, os 'membros das corporacións locais**, agás que desempeñen nas mesmas cargos retribuídos no réxime de dedicación exclusiva'.** De onde tamén se deduce que, se a dedicación é parcial, o concelleiro pode, por lei, compatibilizar as súas actividades co desempeño de tales cargos, sen necesidade de pronunciamento ao respecto.

As escasas resolución xudiciais que se poden encontrar sobre esta materia, parecen sustentar a tese que defendemos. Así, no caso analizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, Sevilla, na súa sentenza de 18 de outubro de 2006 (JUR 2007/305787), onde se impugnaba, entre outras cuestións, un acordo plenario de delegación de funcións con dedicación parcial a un concelleiro, conclúese no fundamento cuarto o seguinte, logo de reproducir na súa literalidade os artigos 75.2 da Lei 7/1985 e 5.1 da Lei 53/1984 a que vemos de referirnos:

'Ao terse delegado unhas funcións nun concelleiro para o seu exercicio con dedicación parcial, encóntranse exceptuados do réxime de incompatibilidade previsto pola Lei, non pudindo ser estimado o recurso tampouco neste punto.'

A idéntica conclusión chégase, *sensu contrario,* ao examinar as consideracións vertidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Murcia na súa sentenza de 24 de xaneiro de 2014 (Ar. JUR 2014/45766), analizando como ten que executarse unha sentenza que declarou a nulidade dun acordo plenario que aprobara a compatibilidade da dedicación exclusiva dun alcalde coa actividade de avogado en exercicio activo, concluíndo ao remate do seu fundamento segundo o seguinte:

'...dende xuño de 2011 (antes da firmeza) **ao novo alcalde nomeado fixóuselle o réxime de dedicación parcial, non exclusiva.** Polo cal, a sentenza non foi executiva ata que alcanzou a firmeza (26 de abril de 2012), **e carecía de sentido a declaración formal de nulidade dunha compatibilidade cun réxime de dedicación exclusiva que xa non existía.** Por iso, e dacordo co faio da senteza firme, non procede a devolución das retribucións percibidas.'

Entendemos, polo tanto, que nos casos nos que os cargos electos perciban retribucións pola dedicación parcial para o desempeño de delegacións que teñen encomendadas, non é necesario que o pleno do Concello se pronuncie sobre a compatibilidade delas coas súas actividades privadas, autorización só necesaria no caso de que o cargo se desempeñe con dedicación exclusiva; sen prexuízo, iso si, de que ditos concelleiros respecten a dedicación mínima que teñan fixada para a percepción de tales retribucións e se absteñan, claro está, de tomar decisións naqueles ámbitos ou asuntos relacionados coas súas actividades privadas; ou nos que puidese existir conflicto de intereses ou puidérase ver comprometida dalgún xeito a súa obxectividade ou imparcialidade.

Delfa Losa García
Delfa Losa Abogados, S.L.P.

A Asemblea aproba as actuacións nos países empobrecidos e o Plan de Sensibilización en Galicia

A crise non puido coa solidariedade do municipalismo galego

Remata unha lexislatura na que a crise non puido coa solidariedade do municipalismo. Este era o reto que a comezos de 2012 asumía a daquela nova Comisión Executiva do Fondo Galego nunha declaración institucional que avogaba por evitar que o recorte orzamentario afectara ás partidas de concellos e deputacións destinadas á cooperación internacional. Se ben non foi posible deter esta tendencia ao 100%, si se conseguiu freala e hoxe o proxecto colectivo que é o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade avanza con azos cara unha nova etapa de compromiso coa realidade global desde o local.

É certo que neste tempo quedaron atrás concellos históricos e mesmo as deputacións de Pontevedra e Ourense, pero tamén é verdade que algúns municipios optaron polo camiño contrario e viñeron sumar as súas forzas para mellorar as condicións de vida nos países máis empobrecidos. O Fondo Galego pecha o ciclo con 87 concellos socios, máis as deputacións da Coruña e de Lugo. Agardamos que nun futuro próximo de recuperación paulatina regresen aquelas administración locais e provinciais que nos deixaron e outras novas se incorporen á esta loita contra as desigualdades.

Nos derradeiros catro anos, o Fondo Galego impulsou oito proxectos de cooperación directa cos seus socios estratéxicos en Cabo Verde e Nicaragua, apoiados de xeito especial polo Concello de Vigo. Ao tempo, financiáronse trece actuacións de ONGD galegas en Latinoamérica, India e Mozambique. No entanto, alén das iniciativas executadas no *Sur,* cómpre salientar o dinamismo das actividades implementadas en Galicia para concienciar sobre esoutras realidades.

Milleiros de persoas participaron das exposicións, contos, obradoiros, charlas, concursos, videofórums, etc. organizados canda as deputacións e concellos socios a prol da educación para unha cidadanía global. Unha intensa axenda que non deixou de medrar nos últimos anos, grazas en boa medida ao intenso esforzo do persoal técnico e político que cre na transformación cara unha sociedade máis xusta e inclusiva.O traballo en rede multiplica e fainos máis eficientes, de aí que o reforzo das alianzas teña sido unha constante. No eido institucional, a Xunta segue a colaborar co Fondo Galego, pese a que a contribución do goberno autonómico teña minguado. Ademais, a relación coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) veu consolidar o papel da asociación como a axencia de cooperación internacional de todo o municipalismo.

Especial relevancia tivo nos últimos tempos o proxecto 'Redes para o Desenvolvemento', onde o Fondo Galego participa canda entidades de Portugal, Alemaña e Holanda. Se nunha primeira fase ofreceu o seu asesoramento para promover redes de cooperación descentralizada –dando lugar no país veciño á homóloga 'Rede Intermunicipal de Cooperaçao ao Desenvolvemento'–, na actualidade achega a súa experiencia para fortalecer ás autoridades locais europeas en accións de educación para o desenvolvemento.

O Fondo Galego de Cooperación pecha a lexislatura coa satisfacción de ter feito un traballo transpartidario no que a defensa dos dereitos humanos está por riba das cores e das siglas. Un labor realizado con austeridade pero con eficacia, no que a aposta pola comunicación foi un dos principais trazos definitorios, co fin de achegarse máis e mellor á cidadanía. Unha comunicación

Varias familias nicaraguanas accederon a unha vivenda gracias aos proxectos co Inprhu-Somoto

entendida como exercicio de transparencia, e que á vez, permite reflexionar e incidir nas motivacións de por que debemos cooperar desde os municipios e que logramos coas nosas humildes achegas.

Coa 'Axenda Internacional do Desenvolvemento Post 2015', ábrese un novo escenario que coincide no tempo coa reconfiguración das corporacións tras as eleccións locais. O Fondo decidirá entón a súa folla de ruta para os vindeiros catro anos, nos que sen dúbida o seu papel seguirá sendo fundamental para estender a solidariedade galega alén das nosas fronteiras.

Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Prácticas dos enxeñeiros nos concellos

A Fegamp suscribíu no pasado mes de xaneiros dous convenios, co Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia e co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais, para que profesionais desas especialidades, nomeadamente recén titulados desempregados, poidan realizar prácticas retribuídas nos concellos galegos.

Os convenios suscritos servirán para que eses mozos logren adquirir experiencia laboral –o que facilitará o seu encaixe no mercado laboral–, pero desde o punto de vista dos concellos, estes poidan dispoñer de profesionais dos que carecen en moitos casos, logrando mellorar a eficacia da súa xestión en ámbitos como grandes obras públicas, subministro eléctrico, abastecemento ou tratamento de augas... En ambos os dous dous, a duración das prácticas será de 3 a 6 meses, con bolsas por riba do salario mínimo interprofesional.

Abaratar a factura eléctrica municipal

A Fegamp, en colaboración co Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Instituto Galego de Consumo (IGC), continúa co seu programa de xornadas comarcais para os concellos co fin de explicarlles como é a súa factura eléctrica e que fórmulas poden aplicar para abaratar ese recibo, que supón unha parte importante do seu gasto corrente. Ao peche da edición desta revista xa tiveran lugar sete desas xornadas, en Santiago de Compostela; San Cristovo de Cea, Paderne de Allariz e O Barco de Valdeorras (en Ourense); Abadín, Quiroga e Sarria (en Lugo).

Premios Coopera Galicia de Entidades Locais

O presidente da Fegamp, José Manuel Rey Varela, acompañou ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo na entrega na Cidade da Cultura de Galicia, no compostelán monte Gaiás, dos Premios Coopera Galicia de Entidades Locais.

Os galardóns recaeron neste edición na Mancomunidade da Comarca de Ordes (1º premio), polo proxecto Servizo de Atención Temperá; na Mancomunidade Terra de Celanova (2º premio), polo proxecto Implantación do Sistema Inmótico na Mancomunidade; e no Consorcio de Turismo Ribeira Sacra (3º premio), polo proxecto piloto Emprego Verde.

No acto participaron ademais o vicepresidente, a conselleira de Traballo e Benestar e o director xeral de Administración Local da Xunta, Alfonso Rueda, Beatriz Mato e Alberto Pazos, así como representantes das deputacións (agás a de Lugo), alcaldes e outros edís de varios concellos. No xurado participaron representantes da Fegamp dos concellos de Cervo, Lalín, O Barco e Tomiño.

Reunión Fegamp-Sogama

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medioambiente da Xunta, Justo de Benito, reuníronse o pasado 11 de marzo co presidente da Fegamp e os membros da súa Xunta de Voceiros para analizar as novas condicións de adhesión voluntaria dos concellos ao sistema de Sogama, aprobadas no pasado mes de decembro. Tras escoitar as demandas da Fegamp, Domínguez comprometeuse a buscar fórmulas de pagamento aprazado para concellos con débedas vencidas. O presidente de Sogama trasladou ademais a súa vontade de negociar cos concellos a mellora do sistema galego de tratamento de residuos e de analizar e valorar (e no caso, colaborar) coas alternativas distintas a Sogama que plantexen os municipios.

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Viaqua, nun foro sobre recursos hídricos

O pasado 25 de marzo tivo lugar no hotel AC Palacio del Carmen, en Santiago, o foro 'Auga e Desenvolvemento Sostible', patrocinado por Viaqua e organizado polo Grupo Correo Gallego. A xornada pechou unha semana de actividades con motivo do Día Mundial da Auga. O director de Augas de Galicia, Gonzalo Mosqueira, inaugurou este encontro, que logrou un notable éxito de asistencia dos ámbitos da administración, a universidade, as empresas e as operadoras do ciclo integral da auga en Galicia. Reflexionaron sobre as dimensións social económica e ambiental do desenvolvemento sostible; o paso dun enfoque sectorial da auga a outro multidisciplinar; a necesidade de valorar o verdadeiro custo do auga e dun cambio de mentalidade; a colaboración entre administracións e as operadoras; e a conveniencia dun cambio lexislativo valente. No foro participaron, entre outros, o director xeral de Cetaqua, Tomás Michel Mayer, o decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños de Galicia, Ricardo Babío, Belén Quinteiro Seoane, xefa do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia, e Javier Bobe Vázquez, xefe de servizo da Área de Medioambiente da Deputación de Ourense, que acudiu como representante da Fegamp. O subdirector da Escola Técnica Superior de Enxeñería da USC, Francisco Omil Prieto, clausurou o foro.

A prol dun Pacto de Estado pola Infancia

A Comisión Executiva da Fegamp aprobou o pasado 11 de marzo adherirse á petición dun Pacto de Estado pola Infancia en España, como o suscrito no seu día para os maiores, o Pacto de Toledo. A Fegamp anima ademais aos concellos galegos a que se sumen tamén a esa iniciativa, que xurdíu do Comité Español de Unicef, toda vez que os pequenos, xuntos cos nosos maiores, son os colectivos socialmente máis vulnerables, en especial en situacións de crise económica. Os municipios que desexen sumarse a esa petición deben consultar a páxina web de Unicef, www.unicef.es/pactoinfancia, ou consultar a sección 'Documentación' da páxina da Fegamp, www.fegamp.gal.

Impulso á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Fegamp deu o pasado 10 de marzo un paso adiante no desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O presidente da Federación asinou coa directora do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, a portuguesa María Geraldes, un protocolo de colaboración no ámbito do Gabinete de Información da Eurorrexión. Servirá, entre outras cousas, para promover e difundir a imaxe dos recursos autóctonos e das potencialidades de Galicia e do Norte de Portugal e para incrementar a cooperación transfronteiriza, mediante o uso compartido de información de interese mutuo.
A GIE-GNP creou para ilo unha aplicación informática que recollerá información de varias fontes, neste caso, dos municipios galegos, sen custo algún para eles, e que contará cunha área de información pública, unha área colaborativa interna (ou intranet) e un espazo repositorio onde se aloxe toda a información da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Apoio ás familias numerosas

O pasado 26 de xaneiro a Fegamp asinou coa Asociación Galega de Familias Numerosas (Agafan) e coa Consellería de Traballo e Benestar un convenio para o apoio ás familias numerosas de Galicia.
Segundo os datos que constan no Instituto Galego de Estatística e na Consellería de Traballo e Benestar da Xunta, no ano 2012 había en Galicia 19.523 títulos de familia numerosa en vigor.
Gracias a este acordo se determinarán os beneficios que os concellos galegos outorgan a ese tipo de familias e Agafan elaborará unha guía coas medidas adoptadas polos concellos adheridos ao convenio. Todos, a Fegamp, a Dirección Xeral de Familia, os concellos e Agafan difundirán esa guía coa carteira de vantaxes para fogares con tres ou máis fillos e os outros casos considerados como 'familia numerosa'.

‘Poder Local e Unión Europea’

O Centro de Estudos e Documentación Europea (CEDE), da Universidade de Santiago (USC), e a Fegamp, presentan un programa de formación continua para cargos electos e persoal das entidades locais, que establece unha ponte entre elas e Europa, apoiada nos piares da modernización administrativa, os supostos prácticos e as necesidades dos municipios.

O programa ‘Poder Local e Unión Europea’ deseñado polo CEDE (USC) e a Fegamp para o primeiro semestre deste ano 2015 comprende un seminario presencial no que varios expertos analizarán os procesos de reforma administrativa das entidades locais desde unha perspectiva europea, e catro cursos semipresenciais –baixo a perspectiva de que a docencia *online* é a que mellor se adapta á disponibilidade dos potenciais alumnos– que se apoiarán na ‘Plataforma USC-Virtual’.

Esta oferta formativa, coordinada polo director do CEDE, o profesor de Dereito Internacional Público da USC Carlos Teijo García, será inaugurada polo presidente da Fegamp, José Manuel Rey Varela, e polo Reitor da USC, Juan Viaño Rey, o 29 de abril, ás 11,30, na Facultade de Dereito compostelá.

O acto abrirá o seminario ‘A Reforma Local na Unión Europea en Perspectiva Comparada’ que se desenvolverá ao longo desa xornada. Nel participarán Isaac Martín Delgado, profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Castela A Mancha e coordinador da ‘Rede Internacional de Dereito Europeo’; Marcos Almeida Cerreda, profesor de Dereito Administrativo da USC, que ademais dará conta dos resultados da investigación ‘Medidas para a Racionalización da Organización Administrativa Local: as Experiencias Española, Italiana e Portuguesa’, recén publicada por Aranzadi e elaborada gracias ao convenio de investigación entre o CEDE e a Fegamp; e Tomás Quintana López, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de León. A xornada incluirá un debate.

Os cursos semipresenciais terán unha duración total de 30 horas de traballo persoal *online* (distribuídas en 10 horas semanais) e unha sesión presencial de 3 horas o último día, contando con recursos e elementos multimedia orixinais, elaborados polos profesores responsables, e sesións de titoría personalizada con eles.

O primeiro deses cursos, ‘Institucións e Aplicación do Ordenamento Xurídico da Unión Europea’ (2ª edición), terá lugar entre o 28 de abril e o 19 de maio. Será impartido polos profesores de Dereito da USC Miguel Arenas Meza, Julio Jorge Urbina e Carlos Teijo García.

Entre o 11 e o 29 de maio celebrarase o segundo curso, ‘A Adaptación das Ordenanzas Locais á Directiva de Servizos’, que tamén alcanza a súa segunda edición. Os docentes serán os profesores da USC Marcos Almeida Cerreda, Diana Santiago Iglesias e Carlos Teijo García, e pola secretaria do Concello de Vigo, Concepción Campos Acuña.

Unha das novidades deste ano será o curso ‘Oportunidades de Financiamento Comunitario para os Entes Locais no Período de Programación 2014-2020: Instrumentos para a Xestión Eficaz de Proxectos Europeos’, que terá lugar do19 de maio ao 9 de xuño. Neste caso, os titores serán o profesor da USC Carlos Teijo e a consultora Pilar Luaces Méndez.

E por último, entre o 26 de maio e o 16 de xuño, impartirase a primeira edición do curso ‘O Marco Europeo de Colaboración entre Entidades do Sector Público Local’, cos profesores de Dereito da Universidade compostelá Marcos Almeida, Diana Santiago e Carlos Teijo, como docentes.

Os cursos están tamén abertos a profesionais e titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio ou estudantes universitarios relacionados ou interesados nas materias obxecto de estudo, se ben os cargos electos e persoal das administracións locais terán preferencia para cubrir as 50 prazas máximas por curso e para eles a matrícula será de balde. O resto de alumnos deberá satisfacer uns dereitos de inscrición de 60 euros. O prazo de matriculación rematará o 17 de abril ás 14,00 horas. As inscricións deben formalizarse a través do mail maite@fegamp.gal ou por fax, no 981 555 999.

29.

AXUDAS E CONVOCATORIAS

DOG Nº. 39
XOVES, 26 DE FEBREIRO DE 2015

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 18 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

FINALIDADE

Estes premios teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas, cooperativas e outras persoas e institucións veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade Autónoma galega.

DESTINATARIOS

1. Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizasen un destacado labor no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma galega.
2. Non poderán resultar premiadas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, en quen concorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

MODALIDADES E CONTÍA DOS PREMIOS:

a) Premio aos valores cooperativos, cunha dotación económica de 5.000 euros.

b) Premio ao mellor proxecto cooperativo, cunha dotación económica de 5.000 euros.

c) Premio á promoción do cooperativismo, cunha dotación económica de 5.000 euros.

Prazo: 15/05/2015

Máis Información:
No Diario Oficial de Galicia (DOG Nº. 39)
Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
Web: http://traballo.xunta.es/portada-cooperativas
Tlf.: 981 545 540 / 981 541 675

DOG Nº. 39
XOVES, 26 DE FEBREIRO DE 2015

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 18 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

FINALIDADE

Estes premios teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas, cooperativas e outras persoas e institucións veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na Comunidade Autónoma galega.

DESTINATARIOS

1. Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizasen un destacado labor no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma galega.
2. Non poderán resultar premiadas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, en quen concorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

MODALIDADES E CONTÍA DOS PREMIOS:

a) Premio aos valores cooperativos, cunha dotación económica de 5.000 euros.

b) Premio ao mellor proxecto cooperativo, cunha dotación económica de 5.000 euros.

c) Premio á promoción do cooperativismo, cunha dotación económica de 5.000 euros.

Prazo: 15/05/2015

Máis Información:
No Diario Oficial de Galicia (DOG Nº. 39)
Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
Web: http://traballo.xunta.es/portada-cooperativas
Tlf.: 981 545 540 / 981 541 675

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras e convocar axudas destinadas á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso dos cidadáns aos documentos.

As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

A finalidade da axuda serán as actividades que teñan por obxecto ben a organización de fondos documentais ou ben a mellora dos locais de arquivo.

BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas axudas as universidades, entes locais e as entidades sen fin de lucro galegas que conten cun local estable destinado ao+++ arquivo e custodien fondos documentais constitutivos do patrimonio documental de Galicia, entendido como tal o establecido no artigo 77 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia.

Os proxectos presentados deberán seguir as recomendacións técnicas de arquivos dispoñibles no portal de arquivos de Galicia.

FINANCIAMENTO E CONTÍA DAS AXUDAS

1. As axudas convocadas para este ano terán unha contía total de setenta e sete mil setecentos corenta euros (77.740 €), que se imputarán aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 nas seguintes aplicacións orzamentarias e contías:

   – 09.20.432A.744.4: 20.300 €.
   – 09.20.432A.760.0: 27.440 €.
   – 09.20.432A.781.0: 30.000 €.

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.
3. A axuda máxima por beneficiario que concederá a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria será de 6.000 € que, en ningún caso, poderá exceder o 80 % do investimento total aprobado.
4. Este importe de 6.000 € ascenderá a 8.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).
5. O importe do crédito inicial poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo co artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, se o importe total que percibe o beneficiario non supera a porcentaxe máxima do investimento.

Prazo: 24/03/2015 – 24/04/2015

Máis Información:
No Diario Oficial de Galicia (DOG Nº. 55)
Na Secretaría Xeral de Cultura.
Web: cultura.xunta.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 4 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (IN519B).

OBXECTO E RÉXIME DAS SUBVENCIÓNS

1. Estas bases teñen por obxecto a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolveren a súa actividade económica.
2. Os proxectos que se subvencionen ao abeiro desta convocatoria deberán desenvolverse ao longo do ano 2015.
3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das axudas serán os concellos que realicen investimentos dentro do seu ámbito territorial de acordo co obxecto desta orde, para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais implantados no seu termo municipal ou nos termos municipais limítrofes. As solicitudes poderanse presentar individualmente ou de forma conxunta baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar), para os efectos do establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

FINANCIAMENTO

As axudas reguladas por esta orde teñen a natureza xurídica de subvencións.

Con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 80 % do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000 euros por solicitude.

Para as solicitudes conxuntas, a contía porcentual máxima incrementarase nun 15 % con respecto ao caso xeral e cunha contía máxima de 180.000 euros por solicitude.

As intensidades de axuda poderán ser inferiores ás sinaladas no caso de que un grupo de solicitudes valoradas coa mesma puntuación esgoten o crédito dispoñible; neste caso ratearase o crédito de xeito proporcional aos investimentos subvencionables das solicitudes implicadas.

Prazo: 26/03/2015 – 25/04/2015

Para máis información:

No Diario Oficial de Galicia (DOG Nº. 57)

Na Dirección Xeral de Enerxía e Minas

Web: http://economiaeindustria.xunta.es

Tlf.: 981 957 187 / 981 545 572

8 DE CADA 10 PATITOS DE GOMA ELIGEN IR CON CORREOS

Si los que más saben de envíos nos eligen, elígenos tú también.

Paq 10:00 | Paq 14:00 | Paq 24h | Paq 48h | Paq 72h

En Correos encontrarás siempre la oferta de paquetería más completa, con diferentes plazos de entrega y la cobertura nacional que necesita tu empresa.

ADO

Patrocinador del Equipo Olímpico Español

CONCORREOS.COM
902 197 197

Correos Express

CORREOS
PARA LOS QUE SABEN DE ENVÍOS

a Auga sostén o noso mundo

Fagamos o noso mundo sostible

Somos auga e dependemos da auga para poder vivir, crecer e evolucionar como individuos e como sociedade.

A auga está presente en todos os ámbitos da nosa vida, tanto económicos, coma culturais e ambientais. Xestionar axeitadamente o seu consumo e garantir o seu futuro, defínenos como persoas e como empresa.

Traballemos xuntos por un mundo máis sostible.

UN WATER

22 MARZO

DÍA MUNDIAL DEL AGUA

2015

AGUA Y DESARROLLO SOSTENIBLE

ViAQUA

www.viaqua-sa.es